

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

3033 *Real decreto 136/2010, do 12 de febreiro, polo que se modifica o Real decreto 772/1999, do 7 de maio, polo que se regula a presentación de solicitudes, escritos e comunicacións ante a Administración xeral do Estado, a expedición de copias de documentos e devolución de orixinais e o réxime das oficinas de rexistro.*

No Real decreto 772/1999, do 7 de maio, polo que se regula a presentación de solicitudes, escritos e comunicacións ante a Administración xeral do Estado, a expedición de copias de documentos e devolución de orixinais e o réxime das oficinas de rexistro indicaba xa que a «achega máis transcendental e positiva da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, é a consagración dunha serie de dereitos do cidadán nas súas relacións coas administracións públicas, que se reflicten no propio texto legal».

Coa Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, que recoñece o dereito dos cidadáns a se relacionaren coas administracións públicas utilizando medios electrónicos para o exercicio dos seus dereitos, desenvolvéronse, así mesmo, os principios da Administración electrónica que estaban inicialmente regulados na Lei 30/1992.

Na transposición ao ordenamento xurídico español da Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, a través da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, establécese o principio xeral de limitación dos réximes de autorización para acceder a unha actividade de servizos, será suficiente unha comunicación ou unha declaración responsable do prestador, salvo cando non sexan discriminatorios, estean xustificadas por unha razón imperiosa de interese xeral e sexan proporcionados.

Tívoise en conta o Acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos do 7 de maio de 2009, sobre a adecuación da normativa regulamentaria á Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizo e o seu exercicio, e á Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.

Nesta reforma dos artigos do Real decreto 772/1999, do 7 de maio, dáse nova redacción aos artigos cuxo contido resulta afectado polos cambios legais indicados, correspondentes ao ámbito de aplicación, os lugares de presentación, os modelos e sistemas normalizados de solicitude, así como á presentación de copias compulsadas ao procedemento.

Por último, aprovéitase para adecuar as referencias orgánicas recollidas no Real decreto 772/1999, do 7 de maio, á nova estrutura ministerial aprobada polo Real decreto 542/2009, do 7 de abril, polo que se reestruturan os departamentos ministeriais.

Na súa virtude, por proposta da ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 12 de febreiro de 2010,

DISPOÑO:

Artigo único. Modificación do Real decreto 772/1999, do 7 de maio, polo que se regula a presentación de solicitudes, escritos e comunicacións ante a Administración xeral do Estado, a expedición de copias de documentos e devolución de orixinais e o réxime das oficinas de rexistro.

O Real decreto 772/1999, do 7 de maio, polo que se regula a presentación de solicitudes, escritos e comunicacións ante a Administración xeral do Estado, a expedición

de copias de documentos e devolución de orixinais e o réxime das oficinas de rexistro, queda modificado como segue:

Un. A letra a) do artigo 1 queda redactada do seguinte modo:

«a) A presentación polos cidadáns de solicitudes, escritos e comunicacións, así como dos documentos que as acompañen, dirixidas ás administracións públicas.

As declaracións responsables e comunicacións previas, reguladas no artigo 71 bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, enténdense incluídas no ámbito de aplicación deste real decreto.»

Dous. Engádesse unha letra c) ao número 2 do artigo 2, coas seguinte redacción:

«c) A través do portelo único regulado no artigo 18 da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, en relación soamente cos servizos incluídos no ámbito de aplicación da dita norma.»

Tres. Os números 1 e 2 do artigo 5 quedan redactados do seguinte modo:

«1. Cando se considere conveniente para facilitarlles aos cidadáns a achega dos datos e informacións requiridos ou para simplificar a tramitación do correspondente procedemento, o órgano competente para a súa instrución ou resolución poderá establecer modelos normalizados de solicitude. En todo caso, deberanse establecer tales modelos cando concorra a circunstancia sinalada no artigo 70.4 ou en relación coas comunicacións previas e declaracións responsables a que se refire o artigo 71 bis, ambos artigos da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Os modelos a que se refire o número anterior poderanse integrar en sistemas normalizados de solicitude que permitan a transmisión por medios electrónicos dos datos e informacións requiridos sempre que se garanta o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e no Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, así como na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e as medidas de seguridade informática recollidas no Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro. Os sistemas normalizados de solicitude deberanse establecer por orde do titular do ministerio correspondente, logo de informe favorable do Ministerio da Presidencia.»

Catro. Engádesse un novo número no artigo 8, coas seguinte redacción:

«4. No acceso ás actividades de servizos, no caso de documentos emitidos por unha autoridade competente, segundo a definición desta, establecida polo artigo 3, número 12, da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, non se exixirá a presentación de documentos orixinais ou copias compulsadas nin traducións xuradas, salvo nos casos previstos pola normativa comunitaria, ou xustificadas por motivos de orde pública e de seguridade pública. Non obstante, a autoridade competente poderá solicitar doutra autoridade competente a confirmación da autenticidade do documento achegado.»

Disposición adicional única. *Referencias orgánicas.*

As referencias ao ministro ou Ministerio de Administracións Públicas e á Secretaría de Estado para a Administración Pública, contidas no artigo 11, disposición adicional primeira e disposición derradeira única do Real decreto 772/1999, do 7 de maio, entenderanse feitas ao ministro ou Ministerio da Presidencia e á Secretaría de Estado para a Función Pública, respectivamente.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango sexan contrarias ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 12 de febreiro de 2010

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,
MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ